

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

*ORDE do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras que rexerán o concurso público, correspondente ao ano 2021, de once bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PL500D).*

O artigo 27, en harmonía co artigo 5, do Estatuto de autonomía de Galicia, establece como competencia da Comunidade Autónoma galega a promoción e o ensino da lingua galega e o fomento da cultura e da investigación.

Por outra parte, o Decreto 110/2020, do 6 de setembro, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 181, do 7 de setembro).

Ademais, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro de 2020 (DOG núm. 190, do 18 de setembro), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no seu artigo 6, punto 5, alínea a), figura a Secretaría Xeral de Política Lingüística como órgano superior da consellería.

Dentro das competencias e funcións da Secretaría Xeral de Política Lingüística, baixo a súa dirección, establécese que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ten o labor de promover a formación e capacitación de universitarios, tanto no ámbito galego coma internacional, a través de convocatorias públicas para a investigación e o estudo de programas no ámbito das humanidades.

Na súa virtude, apróbanse as seguintes

Bases:

Primeira. *Obxecto e destinatarios*

Por medio desta orde establécense as bases reguladoras e procédese á convocatoria correspondente ao ano 2021, de once bolsas de formación nos proxectos de investigación que se desenvolven no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (código de procedemento PL500D).



Serán destinatarias destas bolsas as persoas licenciadas ou graduadas universitarias nas titulacións exixidas nos distintos proxectos de investigación.

Os proxectos concretos inclúense no anexo I á presente orde e nel detállanse os requisitos específicos que deben reunir os solicitantes, coa finalidade de contribuír á especialización na súa formación académica, profesional ou investigadora.

As bolsas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

#### *Segunda. Dotación das bolsas e orzamento*

A contía das bolsas, por todos os conceptos, será de 990 euros ao mes, incluídos os custos da Seguridade Social, en aplicación do previsto no Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social e quedan asimilados a traballadores por conta allea, para os efectos da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social.

Para o gasto que se proxecta habilitarase o crédito adecuado e suficiente por unha contía total de 261.360,00 €, que se imputará ás aplicacións orzamentarias 10.50.151A.480.0 e 10.50.151A.484.0 e que se destinarán ao pagamento das mensualidades e da cota patronal da Seguridade Social, respectivamente. Isto desagregase nas seguintes anualidades:

– Ano 2021: 10.890,00 € dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, dos cales 10.357,49 € se financiarán con cargo á aplicación 10.50.151A.480.0 e 532,51 €, con cargo á 10.50.151A.484.0.

– Ano 2022: 130.680,00 € dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, dos cales 124.289,88 € se financiarán con cargo á aplicación 10.50.151A.480.0 e 6.390,12 €, con cargo á 10.50.151A.484.0.

– Ano 2023: 119.790,00 € dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, dos cales 113.932,39 € se financiarán con cargo á aplicación 10.50.151A.480.0 e 5.857,61 €, con cargo á 10.50.151A.484.0.



A distribución entre as dúas aplicacións faise con base no recollido na Orde TMS/83/2019, do 31 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, para o exercicio 2019, prorrogada para o exercicio 2021, e na cal se establecen os importes das cotas empresarial e obreira por continxencias comúns e profesionais, a cargo da empresa e do traballador, para o persoal en formación de bolsa. Nos anos sucesivos, observarase o disposto nas ordes TMS vixentes en cada exercicio, para os efectos de realizar as actualizacións que procedan.

#### Terceira. *Duración*

As actividades de formación iniciaranse coa incorporación da persoa seleccionada tal e como dispón a base décimo cuarta desta convocatoria; a data estimada de comezo é o 1 de decembro de 2021 e rematarán, en calquera caso, o 30 de novembro de 2023. A data de incorporación ao centro establecerase na notificación da adxudicación da bolsa.

#### Cuarta. *Requisitos xerais dos/das solicitantes*

Poderán solicitar estas bolsas as persoas licenciadas ou graduadas universitarias en que non concorra ningunha das circunstancias especificadas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sempre que reúnan ademais dos requisitos específicos que para cada proxecto se sinalan no anexo I desta orde, os seguintes requisitos xerais, que deberán posuír no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes:

a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea.

b) Estar en posesión do título universitario de licenciatura ou de grao exixido no proxecto para o que presente a solicitude. A persoa solicitante deberá estar en posesión do título ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición ao remate do prazo de presentación de solicitudes, e ter rematado os estudos conducentes a el no curso académico 2007/08 ou posterior.

c) Acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4, agás os que acrediten estar en posesión do título de licenciatura en Filoloxía Galega ou graos equivalentes.

d) Non resultar beneficiario dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.



e) Posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6,5 puntos, calculada de acordo cos parámetros publicados pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011 (DOG núm. 188, do 30 de setembro).

As persoas solicitantes que cursasen os seus estudos en universidades non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia e posúan certificación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán, deberán xuntar a correspondente tradución xuramentada. A certificación do expediente académico indicará: a data de iniciación e remate dos estudos, os créditos superados e as cualificacións obtidas; e deberá axustarse aos criterios estatais, tanto aos do Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE núm. 224, do 18 de setembro), como aos que deben incluírse no suplemento europeo ao título (SET), e a nota media do expediente académico calcularase de acordo cos parámetros fixados pola devandita Resolución do 15 de setembro de 2011.

#### Quinta. *Presentación de solicitudes e prazo*

1. A capacidade técnica e formación universitaria do colectivo de persoas físicas a que van dirixidas estas bolsas permítelles o acceso e dispoñibilidade dos recursos electrónicos necesarios para se relacionaren por este medio co sector público autonómico.

Para o presente procedemento de concesión de subvencións, de conformidade cos artigos 14.2 e 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e do artigo 10.2 e 3 da Lei 4/2019, do 14 de xullo, de administración dixital de Galicia, establécese regulamentariamente a obrigatoriedade do emprego dos medios electrónicos, polo que as solicitudes deben ser presentadas a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, de conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.



Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación das solicitudes e da documentación sinalada na base sexta será dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos, considerarase o último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación e, se for festivo, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

*Sexta. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación complementaria:

a) Certificación académica oficial completa (non extracto de expediente virtual), en que se fará constar a nota media do expediente académico da titulación, obtida de acordo co establecido na base cuarta e) desta orde. Os titulados que accederon a estudos de 2º ciclo desde unha titulación de 1º ciclo deberán enviar, ademais, a certificación dese 1º ciclo, igualmente con expresión da nota media do expediente académico.

b) Documentación acreditativa dos requisitos específicos.

c) Currículo, acompañado da documentación que acredite os méritos que desexe alegar.

d) Certificado do coñecemento da lingua galega, Celga 4 ou equivalente, recoñecido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.



De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que sexa realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude haberá que indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

#### Sétima. *Comprobación de datos*

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou de quen a represente.
- b) Títulos oficiais universitarios.
- c) Certificados do coñecemento da lingua galega, Celga 4 ou perfeccionamento, cando sexan expedidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- d) Títulos oficiais non universitarios.
- e) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- f) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social.



g) Estar ao día no pagamento das obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.

De se opoñer a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilita a obtención dos citados datos poderá solicitárselles a presentación dos documentos correspondentes.

Oitava. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser feitos electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades revisará as solicitudes recibidas e a documentación achegada. No suposto de que as solicitudes estean incompletas, conteñan erros ou non acheguen toda a documentación acreditativa, poderán ser requiridos para que, nun prazo de dez días, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixeren, se terán por desistentes da súa petición de bolsa e archivarase o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non serán obxecto de requirimento os documentos acreditativos dos méritos alegados no currículo.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os citados requirimentos de emenda realizaranse mediante publicación na páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ([www.cirp.gal](http://www.cirp.gal)).

Novena. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Porén, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45, punto 1.b), da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as notificacións cos requirimentos de emenda, coas puntuacións provisionais e coas correccións de erros previas á resolución desta convocatoria, se as houber, realizaranse mediante publicación na páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

#### Décima. *Instrución*

A instrución do procedemento de concesión das bolsas correspóndelle ao Servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.





A avaliación das solicitudes efectuaráa unha comisión de valoración, conforme os criterios establecidos nesta convocatoria e, supletoriamente, os preceptos contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na sección 3ª do capítulo I, título I, da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Vogais: dous funcionarios da Secretaría Xeral de Política Lingüística e un director dos proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, propostos polo presidente da comisión de valoración e nomeados polo secretario xeral de Política Lingüística.

Secretario: o secretario do Consello Científico e do Consello Executivo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Coa finalidade de prestarlle apoio técnico ou asesoramento con respecto ás materias dos proxectos para os que se convocan as bolsas, a comisión de valoración poderá solicitar informes dos especialistas e/ou directores das distintas áreas de investigación.

A composición da comisión de valoración farase pública no portal web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún ou algunha dos/das compoñentes non pode asistir, será substituído/a pola persoa que, para os efectos, se nomee.

A comisión non valorará aqueles méritos alegados polos solicitantes que non estean acreditados documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Se ningunha das persoas candidatas presentadas resulta idónea, a comisión de valoración poderá establecelo así no seu informe.



Terase en conta, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda, de acordo co establecido no artigo 20.2.I) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeira. *Criterios xerais de valoración e procedemento*

A) Criterios xerais de valoración de solicitudes.

A comisión examinará as solicitudes presentadas e valorará os méritos acreditados documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes, conforme o seguinte baremo e criterios:

1. O expediente académico: ata un máximo de 10 puntos.

Utilizarase para a valoración desta epígrafe a nota media do expediente académico persoal, calculada de acordo cos parámetros publicados pola Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de setembro de 2011 (DOG núm. 188, do 30 de setembro).

En caso de varias titulacións válidas para os proxectos a que se presenten, terase en conta a nota máis alta.

2. Formación complementaria: ata un máximo de 12 puntos.

Por segundas titulacións universitarias, das que permitan acceder a cada proxecto: 1 punto, ata un máximo de 2 puntos.

Pola realización da memoria de licenciatura, para o que se terá en conta a titulación coa nota máis alta, relacionada co obxecto da bolsa: 1 punto.

Valoraranse os cursos, mestrados de investigación e diplomas de estudos avanzados (DEA), relacionados co obxecto de cada bolsa, organizados por organismos públicos, universidades, asociacións profesionais e outros organismos e entidades:

Pola realización de cada máster relacionado coa actividade a que se opta: 2,50 puntos.

Pola realización de cada DEA relacionado coa actividade a que se opta: 2 puntos.



Pola realización de prácticas externas de grao ou de mestrado, relacionadas coa actividade a que se opta: 1 punto.

Por cursos con acreditación expresa, relacionados coa actividade a que se opta, de menos de 40 horas: 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 1 punto.

Por cursos con acreditación expresa, relacionados coa actividade a que se opta, de 40 ou máis horas: 0,15 puntos por curso, ata un máximo de 1,5 puntos.

Por cursos con acreditación expresa, relacionados coa actividade a que se opta, de 100 ou máis horas: 0,25 puntos por curso, ata un máximo de 2,50 puntos.

Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas lectivas nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

Forma de acreditación: copia dos títulos ou certificados de participación nas actividades formativas.

3. Presentación de comunicacións en congresos relacionados co obxecto da bolsa: 0,25 puntos por comunicación, ata un máximo de 3 puntos.

Forma de acreditación: copia dos certificados de participación activa nos referidos congresos e texto ou póster da comunicación.

4. Por publicacións individuais e participación en publicacións colectivas relacionadas coa especialidade da investigación á cal opta, impresas antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, ata un máximo de 3 puntos:

- Por publicacións individuais: 0,50 puntos por publicación.
- Por participación en publicacións colectivas: 0,25 puntos por publicación.

As publicacións que non consignen o ISBN ou o ISSN non se valorarán.

Forma de acreditación: versión en formato pdf da publicación ou ben copia da cuberta, da páxina onde figuren os créditos (ISBN ou ISSN) e a autoría da publicación, e as 10 primeiras páxinas do libro, capítulo ou artigo onde figure como autora a persoa solicitante. No caso de publicacións en formato electrónico, os interesados deberán presentar un informe



emitido polo organismo emisor en que se certifique o título da publicación e os autores, así como a ligazón onde aparece a mencionada publicación.

Un mesmo mérito alegado nos números 3 e 4 valorarase unha soa vez, ben como comunicación ou, se é o caso, como publicación.

#### B) Procedemento.

Rematado o proceso de avaliación das solicitudes, a comisión de valoración elaborará un informe en que se concrete o resultado desta.

O servizo do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, como órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión de valoración, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada.

Esta proposta farase pública na páxina web do centro, xunto á relación de suplentes, por orde decrecente de puntuación.

No suposto de que unha mesma persoa resulte ser a titular en máis dunha bolsa, atenderase á orde de prelación indicada na solicitude (anexo II), por rigorosa orde de puntuación.

A listaxe de suplentes poderá ser operativa no caso de que a persoa seleccionada non se incorporase na data establecida, cando manifestase expresamente a súa non aceptación da bolsa ou renunciase a esta unha vez aceptada, así como cando se proceda á súa revogación.

#### Décimo segunda. *Alegacións e trámite de audiencia*

Segundo o artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución definitiva, o prazo de exposición pública da proposta de resolución provisional será de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da data de publicación, durante os cales se poderán facer as alegacións pertinentes na forma indicada na base quinta desta convocatoria.

Non obstante, ao abeiro do artigo 76, as persoas interesadas poderán presentar alegacións en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.



Examinadas as alegacións presentadas, de ser o caso, formularase a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse solicitudes ou de non cumpriren algún dos requisitos xerais e específicos, a convocatoria será declarada deserta.

Décimo terceira. *Resolución. Notificación e publicación*

1. O órgano instrutor elevará a súa proposta de resolución definitiva á persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, quen resolverá, por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, de conformidade coa disposición derradeira primeira da orde de convocatoria. Na resolución constará a relación de bolsas concedidas, cos suplentes, se os houber, e os denegados coas causas de denegación, así como os demais aspectos previstos no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A resolución de concesión da bolsa publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e nas páxinas web do Centro Ramón Piñeiro e da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>) mediante relación nominal das persoas beneficiarias e suplentes, e demais supostos, polo que se entenderán notificados/as para todos os efectos, sen prexuízo das notificacións individuais ao abeiro do recollido na base novena desta convocatoria, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, quen resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Orde do 9 de febreiro de 2021 de delegación de competencias nos órganos superiores e de dirección desta consellería; DOG núm. 31, do 16 de febreiro) e para resolver os recursos de reposición que, se é o caso, se interpoñan contra os actos administrativos ditados no exercicio das facultades delegadas, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4. De acordo co disposto no artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será



de cinco meses, contados a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo, sen que sexa notificada a resolución, lexítima os interesados para entender desestimadas por silencio administrativo as solicitudes presentadas.

5. Os/as solicitantes excluídos/as terán un prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Diario Oficial de Galicia* para recuperar a documentación presentada.

Décimo cuarta. *Aceptación da bolsa e incorporación*

Unha vez recibida a notificación da concesión da bolsa, a persoa beneficiaria disporá dun prazo de dez días naturais para comunicarlle ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades a súa aceptación ou renuncia. Transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada, segundo o establecido no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e desde ese momento adquirirán a condición de beneficiarios. No caso de aceptación, achegarse no referido prazo un documento facilitado pola entidade bancaria a nome da persoa interesada, en que conste o código IBAN, onde deberá ser aboada a bolsa.

A data de incorporación ao centro establecerase na notificación da adxudicación da bolsa. De non se incorporar na data sinalada, perderanse os dereitos inherentes á bolsa concedida, salvo causa de forza maior, debidamente xustificada mediante un escrito achegado con anterioridade á data de incorporación, así apreciada polo coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. No suposto de incorporación tardía xustificada, dun prazo máximo de dez días naturais, reducirase proporcionalmente o importe da contía que se percibirá.

Décimo quinta. *Natureza xurídica da relación*

O aproveitamento destas bolsas non xera ningún tipo de vínculo laboral, administrativo nin de calquera outra natureza contractual ou legal entre a Administración autonómica e os/as bolseiros/as. De acordo co Real decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, o persoal bolseiro queda asimilado a traballadores por conta allea, para os efectos da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social. Os dereitos e obrigas cingúense en exclusiva aos estipulados nestas bases reguladoras.



Décimo sexta. *Aboamento das bolsas*

O aboamento das bolsas realizarase a mes vencido, logo da correspondente certificación emitida pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística, de acordo co informe emitido polo coordinador científico do centro, sempre que as actividades de formación do bolseiro se desenvolvan con normalidade e de acordo coas bases establecidas. A contía percibida estará en función dos días transcorridos desde a incorporación á bolsa.

Décimo sétima. *Condicións, incompatibilidades, obrigas e cumprimento dos/das bolseiro/as*

1. As persoas beneficiarias das bolsas comprométense a cumprir todas as condicións recollidas nesta orde.

2. A persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística poderá conceder ou denegar, en función das necesidades do proxecto de investigación a que está adscrito, a interrupción temporal da bolsa, por petición razoada da persoa interesada, logo do informe do seu director de proxecto. O tempo máximo de interrupción será de dous meses e unicamente poderá fraccionarse en dous bloques dun mes. En ningún caso existirá a posibilidade de recuperar o período interrompido e tampouco terá dereito a percibir as mensualidades correspondentes ao período que dure a súa suspensión.

3. Se a formación e o aproveitamento non ten unha evolución positiva nin acada os obxectivos mínimos previstos no programa de formación que lle asignen, a bolsa poderá ser revogada. Isto deberá ser confirmado mediante un informe do director do proxecto, logo de audiencia ao interesado, co visto e prace do coordinador científico do centro. Esta revogación seralle comunicada por escrito no prazo de quince días previos á fin da bolsa. Tamén se poderá revogar a bolsa cando o proxecto a que está vinculado deixe de estar vixente, cambie as liñas de investigación ou así o determinen as dispoñibilidades orzamentarias.

4. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do bolseiro ou calquera tipo de ingresos habituais pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, excepto con aquelas bolsas ou axudas destinadas a cubrir algunha das accións formativas que o/a solicitante vai realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).



5. O/a bolseiro/a está obrigado a:

a) Formarse no Centro Ramón Piñeiro, en horario de mañá e/ou tarde, a non ser cando a natureza do proxecto obrigue a desprazar a investigación a outro lugar.

b) Realizar as actividades previstas nos programas de formación e cumprir os obxectivos destes con aproveitamento.

c) Comunicarlle ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades a causa que determine a incompatibilidade dentro das 24 horas seguintes ao momento en que teña coñecemento da concorrencia desta e, dentro dos tres días naturais seguintes, deberá notificar por escrito a renuncia á bolsa acompañada da documentación xustificativa das actividades de formación realizadas durante o período anterior á renuncia (declaración responsable do conxunto de bolsas concedidas e informe do director do proxecto en relación coas actividades de formación realizadas).

d) Facer constar na produción escrita derivada dos traballos en que participe ou realice no seu proceso de formación, a expresión: «Co apoio do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación, Cultura e Universidade da Xunta de Galicia», e achegar un exemplar do traballo publicado.

e) Deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

f) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das bolsas, así como as demais que deriven do artigo 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. No caso de incumprimento das súas obrigas, deberá proceder ao reintegro das cantidades xa percibidas xunto cos xuros de demora que lle correspondan en cada caso, salvo en casos excepcionais autorizados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

7. O incumprimento de calquera das condicións recollidas nesta orde e demais normas aplicables, poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro





total ou parcial das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle puidesen corresponder en cada caso, en aplicación do disposto no artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo oitava. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional primeira

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda

A concesión da bolsa regulada nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para este fin.



**Disposición adicional terceira**

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Disposición adicional cuarta. *Información básica sobre protección de datos persoais***

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento.



mento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

#### Disposición derradeira primeira

Delégase expresamente na persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística o exercicio das facultades que a normativa en materia de axudas e subvencións públicas en réxime de concorrència competitiva lle atribúe á persoa titular da consellería, ao abeiro da Orde do 9 de febreiro de 2021 de delegación de competencias nos órganos superiores e de dirección e nas xefaturas territoriais desta consellería (DOG núm. 31, de 16 de febreiro), así como para resolvela e para resolver os recursos de reposición que, se é o caso, se interpoñan contra os actos administrativos ditados no exercicio das facultades delegadas.

#### Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2021

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

P.D. (Orde do 9.2.2021)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

#### ANEXO I

Para solicitar cada unha destas bolsas é necesario, ademais de reunir os requisitos xerais establecidos na base cuarta desta orde, acreditar os seguintes requisitos específicos:

##### 1. Proxecto Legado científico de Jürgen Untermann.

- Estar en posesión do grao en Lingua e Literatura Galegas, grao en Estudos de Galego e Español, grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, grao en Filoloxía Clásica, grao en Linguas e Literaturas Modernas co itinerario de alemán, así como as licenciaturas equivalentes aos ditos graos ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación, dependendo da universidade de procedencia.



- Coñecemento de alemán acreditando un nivel mínimo B1 mediante calquera certificación de centros públicos ou privados, ou ben acreditando un módulo ou un minor en alemán ou a propia titulación de grao en alemán da universidade correspondente.

Aínda que as titulacións relacionadas coa arquivística non se atopan entre as exixidas para acceder a esta bolsa, si que serán consideradas como méritos relacionados coa actividade a que se opta e serán valoradas segundo a epígrafe de formación complementaria.

#### 2. Proxecto Corpus de referencia do galego actual (Corga).

- Posuír o título de licenciatura en Filoloxía Galega, Románica, Hispánica, Portuguesa ou Tradución e Interpretación ou ben o grao en Lingua e Literatura Galegas; en Lingua e Literatura Españolas; en Lingua e Literatura Inglesas; en Lingua e Literatura Modernas (Francés, Italiano, Románicas e Portugués); en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios; en Tradución e Interpretación; en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación, dependendo da universidade de procedencia.

#### 3. Proxecto Corpus documentale latinum Gallaeciae (Codolga).

- Estar en posesión do título en licenciatura ou do grao en Filoloxía Clásica, en Historia ou en Humanidades ou titulación universitaria equivalente pero con distinta nomenclatura ou denominación, dependendo da universidade de procedencia.

- Ter cursados estudos de Latín, xustificados cun mínimo de 2 materias superadas no expediente académico ou cun máster en estudos medievais. Aínda que os coñecementos no manexo de ferramentas informáticas (bases de datos, follas de cálculo, xestores de referencias bibliográficas e outras) non se atopan entre os exixidos para acceder a esta bolsa, si que serán considerados como méritos relacionados coa actividade a que se opta, e serán valorados segundo a epígrafe de formación complementaria, sempre que estean acreditados documentalmente.

#### 4. Proxecto Bibliografía informatizada da lingua galega (Bilega).

- Posuír algunha das seguintes titulacións ou outras que se consideren equivalentes: licenciatura en Filoloxía Galega, Románica, Hispánica ou Portuguesa ou ben o grao en Lingua e Literatura Galegas; en Lingua e Literatura Españolas; en Lingua e Literatura Modernas; en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; en Español: Estudos



Lingüísticos e Literarios ou en Estudos de Galego e Español, ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura, dependendo da universidade de procedencia.

- Acreditar nivel B2 nalgunha das seguintes linguas: portugués, catalán, francés, inglés, italiano ou alemán.

#### 5. Proxecto Terminoloxía científico-técnica.

- Estar en posesión do título de licenciatura en Filoloxía ou Tradución e Interpretación, ou ben do grao en Lingua e Literatura Galegas; en Lingua e Literatura Españolas; en Lingua e Literatura Inglesas; en Lingua e Literatura Modernas; en Linguas Estranxeiras; en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios; en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios; en Tradución e Interpretación ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación, dependendo da universidade de procedencia.

- Posuír coñecementos de inglés ou francés equivalentes ao nivel B2.

- Ter formación, polo menos elemental, en terminoloxía ou en lexicografía (demostrable mediante a superación dalgunha materia, publicacións científicas, asistencia a simposios, seminarios ou congresos especializados, comunicacións presentadas a congresos, etc.).

#### 6. Proxecto Informes de literatura.

- Ter o título de licenciatura en Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa ou o grao en Lingua e Literatura Galegas; en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios; Linguas e Literaturas Modernas (con maior ou menor en Lingua e Literatura Galegas) ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación, dependendo da universidade de procedencia.

- Acreditar coñecementos na elaboración de repertorios bibliográficos comentados, ben mediante estudos que inclúan formación a este respecto a nivel de licenciatura/graou máster, ben pola asistencia a actividades formativas complementarias (cursos, seminarios...) ben pola publicación de traballos concretos arredor deste contido.

#### 7. Proxecto Recuperación de textos literarios e xornalísticos galegos.

- Ter o título de licenciatura en Filoloxía Galega ou ben o de grao en Lingua e Literatura Galegas; en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; en Ciencias da Lingua-



xe e Estudos Literarios; en Tradución e Interpretación; en Lingua e Literatura Modernas (con maior ou minor en Lingua e Literatura Galegas) ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación, dependendo da universidade de procedencia.

- Acreditar coñecementos específicos en crítica e investigación literarias, ben mediante estudos que as inclúan a nivel de licenciatura/grao ou mestrado, ben pola asistencia a actividades formativas complementarias (cursos, seminarios, coloquios...), ben pola publicación de traballos concretos dos que participen estas disciplinas.

Aínda que a formación e coñecemento en edición de textos literarios non se atopan referidos expresamente entre os requisitos exixidos para acceder a esta bolsa, si que serán considerados como méritos relacionados coa actividade a que se opta e serán valorados segundo a epígrafe de formación complementaria. Para este fin, deberán ser acreditados ben mediante estudos que os inclúan a nivel de mestrado, ben pola asistencia a actividades formativas complementarias (cursos, seminarios, coloquios...), ben pola publicación de traballos concretos dos que participen esta formación e coñecemento.

#### 8. Proxecto Lírica profana galego-portuguesa.

- Posuír o título de licenciatura ou de grao en calquera titulación de Humanidades.
- Acreditar coñecementos específicos de literatura románica medieval (especificamente lírica) mediante estudos que a inclúan a nivel de licenciatura/grao ou máster, e/ou pola asistencia a actividades formativas complementarias (cursos, seminarios, coloquios..., dun mínimo de 40 horas de duración) centradas na literatura medieval.
- Avalar a capacidade para ler/traducir textos en diferentes linguas románicas no período medieval mediante estudos realizados durante a licenciatura/grao ou máster, e/ou pola asistencia a actividades formativas complementarias (cursos, seminarios, coloquios, dun mínimo de 40 horas de duración). Os solicitantes deberán evidenciar nos seus expedientes os datos que avalan tal capacidade.

#### 9. BiRMED: Bibliografía de Referencia do Arquivo Galicia Medieval.

- Estar en posesión do título de licenciatura ou de grao en calquera titulación da Área de Humanidades, sempre que se acredite formación específica en estudos medievais.



- Acreditar coñecementos de literatura medieval (valorarase o coñecemento específico da literatura galego-portuguesa, segundo a epígrafe de formación complementaria).

- Posuír competencia para comprender textos escritos en diferentes linguas románicas e inglés (valorarase as linguas que poidan ser convenientemente acreditadas ou certificadas, conforme a epígrafe de formación complementaria).

#### 10. Proxecto Dimensións da identidade colectiva de Galicia.

- Posuír o título de licenciatura ou de grao en Ciencias Políticas e da Administración ou outras titulacións que se consideren equivalentes.

- Ter coñecementos avanzados de estatística quer avalados con título oficial a nivel de máster que conteñan materias relativas a estes coñecementos, quer con graos específicos neste campo.

- Acreditar experiencia no manexo do software Bellview System e en control de campo.

- Avalar experiencia no manexo dos softwares de análise estatística, SPSS, STATA ou R.

#### 11. Proxecto Legados literarios.

- Estar en posesión do título de licenciatura en Filoloxía Galega ou ben do grao en Lingua e Literatura Galegas; en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios; en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios; en Tradución e Interpretación; en Lingua e Literatura Modernas (con maior ou minor en Lingua e Literatura Galegas) ou a mesma titulación universitaria pero con distinta nomenclatura ou denominación, dependendo da universidade de procedencia.

- Acreditar coñecementos específicos en crítica e investigación literarias, ben mediante estudos que as inclúan a nivel de licenciatura/grao ou máster, ben pola asistencia a actividades formativas complementarias (cursos, seminarios, coloquios...), ben pola publicación de traballos concretos dos que participen estas disciplinas.

Aínda que a formación e coñecemento en edición de textos literarios non se atopan referidos expresamente entre os requisitos exixidos para acceder a esta bolsa, si que serán considerados como méritos relacionados coa actividade a que se opta e serán valorados segundo a epígrafe de formación complementaria. Para este fin, deberán ser acreditados ben mediante estudos que os inclúan a nivel de máster, ben pola asistencia a actividades formativas complementarias (cursos, seminarios, coloquios...), ben pola publicación de traballos concretos dos que participen esta formación e coñecemento.




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA,  
 EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**ANEXO II**

PROCEDIMENTO <b>BOLSAS DE FORMACIÓN PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN NO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES</b>	CÓDIGO DE PROCEDIMENTO <b>PL500D</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE																
<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b> NOME <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/> TIPO <input type="text"/> NOME DA VÍA <input type="text"/> NÚM. <input type="text"/> BLOQ. <input type="text"/> ANDAR <input type="text"/> PORTA <input type="text"/> PARROQUIA <input type="text"/> LUGAR <input type="text"/> CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/> TELÉFONO 1 <input type="text"/> TELÉFONO 2 <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>																		
<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/>																		
<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b> Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal: TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>																		
<b>DATOS BANCARIOS</b> Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada. TITULAR DA CONTA <input type="text"/> NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) <input type="text"/> IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>																		
<b>DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDIMENTO</b> INDIQUE POR ORDE DE PREFERENCIA OS NÚMEROS DOS PROXECTOS A QUE SE PRESENTA <input type="text"/> CARREIRA/S CURSADA/S OU GRAO/S OBTIDO/S <input type="text"/> NOTA MEDIA <input type="text"/>																		
<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA</b> 1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas: <input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención. <input type="radio"/> Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan: <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse; margin-top: 5px;"> <thead> <tr> <th style="width: 40%;">ORGANISMO</th> <th style="width: 10%;">ANO</th> <th style="width: 30%;">DISPOSICIÓN REGULADORA</th> <th style="width: 20%;">IMPORTE (€)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> <td> </td> <td> </td> </tr> </tbody> </table> Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración. 2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. 3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. 4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. 5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.			ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)												
ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)															






**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE CULTURA,  
 EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**ANEXO II**  
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Certificación académica oficial completa			
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa dos requisitos específicos			
<input type="checkbox"/> Currículo, acompañado da documentación que acredite os méritos que desexe alegar			
<input type="checkbox"/> Certificado do Celga 4 ou equivalente, non expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística			

COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Títulos oficiais universitarios	<input type="checkbox"/>
Certificado do Celga 4 ou equivalente, expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística	<input type="checkbox"/>
Títulos oficiais non universitarios	<input type="checkbox"/>
Estar ao día no pagamento das obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Estar ao día no pagamento das obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON


INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación integral e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

LEXISLACIÓN APLICABLE
Orde do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras que rexerán o concurso público, correspondente ao ano 2021, de once bolsas de formación en proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PL500D).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>



Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 911vnmwz2-ngg6-9tg5-gbk1-u0liump0wpou4


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>